

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, María Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia é a encargada de conservar os espazos naturais da nosa terra, e dentro deles se remarcan de maneira destacada aqueles que, sinaladamente, teñen un valor recoñecido. Asociado á aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000, establecéronse as Zonas Especiais de Conservación (ZEC; ano 2014) en seguimento das directrices europeas e a implantación dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC; ano 2004), que destacaban unha serie de espazos naturais de relevancia na Comunidade Autónoma.

O lugar da enseada de Os Pasales, que conxuga o linde entre os concellos de Meaño e Sanxenxo, forma parte da ZEC Complexo Ons-Grove (ES1140004). O contorno natural presenta unha ausencia de coidado notorio, acumulando suciedade na contorna pegada á terra que evidencia a falta de limpeza e atención necesaria. Este espazo presenta, ademais, puntos de vertido incontrolado ao mar, que propagan malos olores e mortalidade de peixes.

En outubro de 2015 o Grupo Municipal Socialista de Meaño presentou unha moción ao Pleno Municipal denunciando a situación e solicitando a limpeza do lugar. A moción foi aprobada pola unanimidade do Pleno, mais non houbo avances ao respecto no estado do lugar dende aquela.

O contorno dos Pasales conta coa presenza, aos dous lados da enseada, de dúas telleiras con un interesante valor patrimonial, o que podería redundar nun espazo de alto valor medioambiental e patrimonial, coa repercusión relevante que pode ter a efectos turísticos, culturais e de lecer.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en comisión:

- 1.ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado de conservación e coidado da enseada dos Pasales?
- 2.ª) Cando foi recibida a moción aprobada no Pleno do Concello de Meaño?
- 3.ª) Que acción se puxeron en marcha con respecto a dita moción?
- 4.ª) Que consideración lle merece a Xunta de Galicia a potencialidade medioambiental, turística e de lecer do contorno de Os Pasales?
- 5.ª) Ten previsto realizar a consellería algunha acción destinada a mellorar a situación do lugar?, cal e cando pretende iniciala?

Pazo do Parlamento, 24 de outubro de 2016.

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 25/10/2016 10:09:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/10/2016 10:09:18

María Luisa Pierres López na data 25/10/2016 10:09:24

Raúl Fernández Fernández na data 25/10/2016 10:09:32